Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Basket Base C. no que solicita, autorización do uso do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, dirixido a deportistas da categorías Junior e Senior, tanto masculino como feminino, ofertando un total de 10 prazas/equipo cunha cota de inscrición de 24,00€/participante, tendo unha previsión de participación de 125 deportistas, que se vai levar a cabo de luns venres do 7 de xullo ao 13 de agosto do presente ano en horario e 20:30-22:30 horas, e o 14 de agosto de 18:00-22:30 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar ao Basket Base C., o uso do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do TORNEO SOCIAL DE VERÁN, dirixido a deportistas da categorías Junior e Senior, tanto masculino como feminino, que se vai levar a cabo de luns venres do 7 de xullo ao 13 de agosto do presente ano en horario e 20:30-22:30 horas, e o 14 de agosto de 18:00-22:30 horas, a excepción dos días festivos.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor e o Convenio Económico asinado con esta Fundación de Deportes e, dado que esta actividade non é considerada unha actividade federada, non se pode aplicar a bonificación do 100%

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

dos prezos públicos correspondentes. Polo que conforme aos acordos dos Consellos Reitores en sesións con data 25/05/2016 e 04/04/2019, donde se aprobou o borrador de Convenio Económico de utilización das instalacións deportivas municipais, para a realización de actividades non federadas (Escolas Deportivas, Campus, etc…) e, no que se estableceron os seguintes criterios:

“ a) 100% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas, rexistrados na Fundación de Deportes, que teñan actividade deportiva federada de base na mesma modalidade deportiva na que se desenvolve o campus ou actividade formativa

b) 50% de bonificación para aqueles Clubes/Entidades Deportivas rexistrados na Fundación de Deportes.

Así como se establece a creación de becas, dun 10% das inscricións ofertadas, para a inscrición de alumnos/as que xestionará directamente a Fundación de Deportes e, que será dirixido a nenos/as empadroados no noso Municipio e con baixos recursos económicos, que recibirá o mesmo trato e obsequios que os demáis alumnos/as.”

Dado que a actividade/evento no cumpre cos requisitos para poder acollerse á subscrición do Convenio anteriormente citado, deberá abonar o estabecido no artigo 8 do Acordo Regulador nº III.5 que a continuación se indica:

**“ARTIGO 8: ACTIVIDADES DEPORTIVAS EN INSTALACIÓNS DEPORTIVAS**

**TARIFAS:**

| | Tarifa Mínima Hora | % S/Ingresos Bruta |
|---|---|---|
| **Instalacións exteriores** | **6,00 ..........** | **10%** |
| Instalacións interiores.. | 9,00 ........... | 10% |

Nota: Estas tarifas cubren os gastos de limpeza, persoal, etc.

Adicional: Nas instalacións deportivas, onde se desenvolvan actividades fóra das horas normais de utilización, incrementanse as tarifas en SESENTA CÉNTIMOS euros/hora e persoal a parte.”

Polo que deberá ingresar previo uso da citada instalación, as cotas do prezo público correspondentes conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor e de acordo ao sinalado nos parágrafos anteriores, por importe de 544,50 € polo uso do Pavillón Sara Gómez (60 ½ horas a 9,00 €/hora campo), e 300,00 € polo 10% dos ingresos totais recadados das solicitudes de inscrición( 24,00 €/participante por 125 deportistas), o que fai un **importe total a ingresar de 844,50 € (544,50 € uso do**

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

**pavillón máis 300,00 € do 10 % dos ingresos da cota de inscrición)**. Que deberán ingresar na conta bancaria da Fundación de Deportes na Entidade Bancaria ABANCA (E70 2080 5067 193040060053).

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

5.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

5.3) Documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

5.4) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dous de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado por D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados no que solicita, autorización do uso do Pavillón Municipal de Guillán, os luns e xoves de 11:00-13:00 horas dutante os meses de xullo e agosto, para poder levar a cabo a práctica deportiva de badminton. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar en precario a D. Manuel Crespo Sobral e/r dun grupo de afeccionados, o uso do Pavillón Municipal de Guillán durante os meses de xullo e agosto, para poder levar a cabo a práctica deportiva de bádminton, os luns e xoves de 11:00-13:00 horas, a partir do día da semana sinalado, seguinte á recepción da notificación do presente acordo e, ata o derradeiro día da semana sinalado do mes de agosto. Quedando en todo caso, supeditada ás necesidades que poidese ter a Fundación de Deportes.

2.- Comunicarlle que deberán ingresar previo uso das citadas instalacións, mensualmente, a cota do prezo público correspondente conforme ao establecido no Acordo Regulador nº III.5 en vigor (6,00 €/hora), que poderá abona-lo por meses anticipados, descontando do citado prezo público, no seu caso, todas aquelas persoas que posúan o Carné da Fundación de Deportes e, unha Fianza Depósito por importe de 100,00 € (faise constar que a devandita fianza está ingresada da tempada anterior), para garantir o bó uso das mesmas, que será devolta, unha vez finalizada a súa autorización, previa presentación de solicitude de devolución, na conta da Fundación de Deportes da Entidade Bancaria ABANCA (ES70 2080 5067 193040060053). No caso de que desista da súa autorización de uso, deberá comunica-lo por escrito na oficina

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

da Fundación de Deportes, aos efectos de suspensión de cobro do citado prezo público.

3.- Comunicarlle que previo ao uso da instalación, deberá presentar a través da sede electrónica, unha relación nominal das persoas do seu grupo de afeccionados, cos seguintes datos: Nome e Apelidos e, número do Documento Nacional de Identade (D.N.I.), indicando de ser o caso, as persoas que posúen Carné da Fundación de Deportes, a cal será comprobada polo Sr. Conserxe antes do comezo da súa actividade.

4.- Comunicarlle que cando transcurra un mes sen que o grupo autorizado asista no seu horario, sen previo aviso, e non habendo efectuado o pago correspondente a ese mes, se lle incautará a Fianza-Depósito, anulándoselle automáticamente a súa autorización.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a sete de xullo dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. presidente conforme ao informe-proposta do Sr. Encargado do Servizo de Mantemento das Instalacións Deportivas, relativo á necesidade urxente dos traballos de saneamento do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba (picado, recebado, recollida de canuto e semillado), como medida preventiva de cara a nova tempada 2025/26, para asegurar a durabilidade e calidade do terreo de xogo, dado que de non levar a cabo o citado traballo as futuras choivas poden levarnos a un terreo de xogo desestruturado e inseguro para a práctica deportiva, polo que, e dada a urxencia, se presenta un só presuposto de D. JOSE RAÑA CARNOTA con DNI 44822349H, por importe de 7.583,55 € (I.V.E. engadido).

Así como vista dilixencia da Sr. Interventora Accidental en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Adxudicar a D. JOSE RAÑA CARNOTA con DNI 44822349H, a execución con carácter urxente dos traballos de saneamento do terreo de xogo do Campo de Fútbol Municipal de A Lomba (picado, recebado, recollida de canuto e semillado), como medida preventiva de cara a nova tempada 2025/26, para asegurar a durabilidade e calidade do terreo de xogo, a través dun contrato Menor de Servizos, por importe de 7.583,55 €. (I.V.E. engadido), con cargo á partida 342-227,9902.

2.- Comunícaselles que dende o día 15 de xaneiro de 2015, entrou en vigor a facturación electrónica (Lei 25/2013 de 27 de decembro), por iste motivo se informa aos proveedores da obriga de incluir nas facturas que emitan a esta Fundación de Deportes os Códigos DIR 3 deste Organismo Autónomo e a traves da plataforma do estado FACE:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

| DIR 3: FUNDACIÓN DE DEPORTES | |
|---|---|
| OC: LA0003309 | INTERVENCIÓN DELEGADA |
| OG: LA0003309 | PRESIDENCIA |
| UT: LA0003309 | ADMINISTRACIÓN |

(Recoméndase que estos códigos figuren xunto cos datos identificativos da Fundación de Deportes: Fundación de Deportes Concello de Vilagarcía de Arousa – P8660001B
Praza Ravella nº 1
36600 Vilagarcía de Arousa
Pontevedra)

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a nove de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS
MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA
D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o informe-proposta do Sr. Presidente conforme o estudio técnico da Dirección Deportiva, relativa á aprobación do orzamento de gastos para a organización da XXI CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA 2025, que se vai celebrar o vindeiro día 2 de agosto do presente ano e na que terá unha cota de inscrición por importe de 5,00 €/participante na proba absoluta, que ao non estar incluída no Acordo Regulador nº III.5 en vigor, débese aplicar o artigo 13**: "FIXACIÓN DO PREZO",** deberá ser aprobada na Xunta de Goberno Local. Así como preséntase o orzamento de gastos por importe total de 10.600,50€ (IVE engadido), co seguinte desglose:

| | CONCEPTO | IMPORTE |
|---|---|---|
| - | Inclusión calendario oficial da FGA e xuíces: | 600,00 €. |
| - | Seguros accidentes deportistas e voluntarios: | 500,00 € |
| - | Ambulancia medicalizada: | 850,00 €. |
| - | Control por chips: | 2.400,00 € |
| - | Avituallamento: | 900,00 € |
| - | Aluger valados: | 1.300,00 € |
| - | Camiseta agasallo: | 1.550,00 € |
| - | Medallas/trofeos agasallo: | 1.100,50 € |
| - | Trofeos gañadores proba absoluta : | 600,00 € |
| - | Speaker: | 300,00 € |
| - | Imprevistos: | 500,00€ |
| | **TOTAL** | **10.600,50** |

Asemade, proponse que se lle adxudique a organización e control da devandita proba á empresa MULTISPORTS GALICIA, S.L.U., debido a súa amplia experiencia na organización e control de eventos deportivos desta índole, conforme orzamento

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

presentado pola citada empresa por importe total de 2.389,75 € (IVE engadido), con cargo a partida 342-226,09.

Así como vista dilixencia da Sr. Interventora Accidental en relación ao Asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Aprobar o orzamento de gastos para a organización da XXI CARREIRA NOCTURNA CONCELLO VILAGARCÍA DE AROUSA 2025, por importe total de 10.600,50 € (IVE engadido) e, co seguinte desglose:

**CONCEPTO** **IMPORTE**

**PARTIDA**

- Inclusión calendario oficial da FGA e xuíces: 600,00 €. 342-226,09
- Seguros accidentes deportistas e voluntarios: 500,00 € 342-224,00
- Ambulancia medicalizada: 850,00 €. 342-226,09
- Control por chips: 2.400,00 € 342-226,09
- Avituallamento: 900,00 € 342-226,09
- Aluger valados: 1.300,00 € 342-226,09
- Camiseta agasallo: 1.550,00 € 342-226,09
- Medallas/trofeos agasallo: 1.100,50 € 342-226,9901
- Trofeos gañadores proba absoluta : 600,00 € 342-226,9901

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

- Speaker: 300,00 € 342-226,09
- Imprevistos: 500,00€ 342-226,09

**TOTAL** **10.600,50**

2.- Remitir á Xunta de Goberno Local, a proposta da cota de inscrición para os participantes na proba absoluta, conforme ao regulamento que establece a citada cota por importe de 5,00 €/participante, conforme ao Acordo Regulador nº III.5 en vigor, que establece no seu artigo 13**: "FIXACIÓN DO PREZO",** que corresponde a súa aprobación á Xunta de Goberno Local.

3.- Adxudicar á empresa MULTISPORTS GALICIA, S.L.U. a través dun contrato Menor de Servizos, a organización e control da citada proba, por importe total de 2.389,75 € (IVE engadido), con cargo á partida 342-226,09.

3.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, dez de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Xadrez Fontecarmoa no que solicita para a celebración dos TORNEOS NOCTURNOS XADREZ VERÁN ENROQUE, os vindeiros días 11 de xullo (Avda. da Mariña-Alameda) 1 de agosto (Rúa Arapiles-Praza Ravella) e 29 de agosto (Centro Comercial Arousa) do presente ano, así como a cesión de 25 mesas, 100 cadeiras, iluminación nos lugares de celebración e a elaboración da cartelería publicitaria do evento. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Remitir a Xunta de Goberno Local a solicitude do Club Xadrez Fontecarmoa relativa a a celebración dos TORNEOS NOCTURNOS XADREZ VERÁN ENROQUE, os vindeiros días 11 de xullo (Avda. da Mariña-Alameda) 1 de agosto (Rúa Arapiles-Praza Ravella) e 29 de agosto (Centro Comercial Arousa) do presente ano, así como darlle traslado da súa petición á Concellería de Seguridade Cidadá, Departamento da Policía Local do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, para a emisión do correspondente informe previa a súa aprobación, se procede.

Aprobar a cesión de 25 mesas para a celebración do citado evento e, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo o control e colaboración da súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

2.- Trasladar aos departamentos do Excmo.Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

. Servizo de mantemento da Fundación de Deportes, o translado das 25 mesas do clube.

. Servizo de Obras, a cesión de 100 cadeiras

. Servizo do Electricidade, posibilidade de reforzar iluminación na Alameda e na Rúa Arapiles.

. Área de Comunicación, a elaboración da cartelería publicitaria do evento.

3.- Comunicarlle que previo ao inicio da citada actividade (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Responsabilidade Civil e seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade.

4.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dez de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado pola Escola Fútbol Sala SInes no que solicita, autorización de uso do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do I TORNEO ALEVÍN FÚTBOL SALA, que se vai levar a cabo o vindeiro día 12 do presente mes de 09:00-14:00 horas. Así como solicitan o uso do bar-cafetería do citado pavillón. Asemade visto o informe do Sr. director Deportivo relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Escola Fútbol Sala Salnés, o uso do Pavillon Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración do do I TORNEO ALEVÍN FÚTBOL SALA, que se vai levar a cabo o vindeiro día 12 do presente mes, de 09:00-14:00 horas, o que suporá horas extraordinarias dun operario-conserxe do Servizo de Mantemento, que supón un custo de 11,41 €/h., con cargo á partida 341-151/13001, por estar fora da franxa horaria da devandita instalación deportiva.

2.- Comunicarlle que deberá deixar nas mesmas condicións en que se lle presta a citada instalación e, responsabilizándose dos danos ou desperfectos que poideran causar os participantes na citada actividade.

3.- Autorizar a montaxe da cantina no exterior do citado Pavillón, sempre e cando se cumpran os seguintes requisitos:

1. Cumprimento estrito da lexislación en relación o consumo e venda de bebidas alcohólicas. En concreto as relativas o consumo de bebidas alcohólicas nos eventos deportivos e nos relacionados co público infantil. Isto tamén implica a ausencia total de publicidade, imaxes, marcas, logotipos, etc… en relación ao tema.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

2. Cumprimento da lexislación en relación a seguridade alimentaria, debendo presentar a seguinte documentación:

a) Certificación emitida por profesional con competencia na materia que acredite o cumprimento da citada lexislación, cando se teñan que manipular alimentos/bebidas no recinto; no caso de que a manipulación estivese a cargo de empresas/persoal que tivese obriga de estar inscrito nos rexistros REGASA ou RGSEAA, deberá acreditar a mesma. Tamén se deberá presentar certificación da aptitude das instalacións implicadas no proceso de elaboración, tanto no seu aspecto alimentario coma técnico.

b) Certificado de Manipulación de Alimentos, no caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuídos por persoal que conte coa cualificación pertinente.

4.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

5.- Comunicarlle que previo ao inicio do montaxe/celebración dos citados eventos (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a seguinte documentación:

5.1) A póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes no devandito evento.

5.2) Aportarase un compromiso escrito, de xeito pormenorizado, de manter cumprimento de todas as obrigas precisas para o desenvolvemento durante todo o período que abranguen os mesmos, e dicir dende a entrada ao recinto ata a saída definitiva.

5.3) O plano de situación e ocupación do desenvolvemento do evento, documentación que acredite a circunstancia de traballador ou voluntariado (declaración xurada da persoa, debéndose poñerlles en coñecemento das normas de seguridade e saúde no traballo que fosen de aplicación, así como da obriga de portar identificación) e, o compromiso por escrito de xeito pormenorizado de manter o cumprimento de todas as súas obrigas (declaración xurada do Club/Entidade Deportiva).

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

5.4) No caso do montaxe de calqueira estructura, deberá contar coa certificación emitida por Técnico competente, que garante a súa solidez, estabilidade, seguridade para o público e idoneidade de acordo coa lexislación de aplicación. Debendo realizar a citada certifiacción en presencia do responsable da devandita instalación. Así como, no seu caso, de que o montaxe das estructuras existan instalacións eléctricas, de gas, neumáticas, etc…, os certificados de montaxe deberán indicar de xeito explícito que cumpren coa lexislación específica relativa a cada unha delas.

5.5) No caso de consumo de alimentos e bebidas, si os mesmos están en envases debidamente precintados porán ser distribuidos por persoal que conte coa cualificación pertinente. No resto dos casos deberase certificar o cumprimento da lexislación relativa a seguridade alimentaria. Si a elaboración realizase no recinto acompañarase tamén certificación do cumprimento da seguridade alimentaria das instalacións implicadas no proceso de elaboración.

6.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, once de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto e comprobadas as solicitudes de inscrición presentadas a través da Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes no catálogo de procecemento 30012, para o XXIII TORNEO DE TENIS DE VERÁN, CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, enmarcado dentro do Proxecto Verán Deportivo Vilagarcía 2025, aprobado polo Consello Reitor o pasado 02/06/2025, cun total de 95 solicitudes de inscricións, co seguinte desglose:

- Categoría A nados de 2013 a 2017 (de 8 a 12 anos ):6 solicitudes de inscrición
- Categoría B: nados de 2008 a 2012 (de 13 a 17 anos):4 solicitudes de inscrición
- Categoría Absoluta Masculina / Feminina: aberta a todas as idades: 44 e 17 solicitudes de inscrición
- Categoría Veteranos:1974 e anteriores: 18 solicitudes de inscrición
- Categoría Dobres: masculina, feminina ou mixta: 29 parellas solicitudes de inscrición.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.-Aprobar as 95 solicitudes de inscrición do XXIII TORNEO DE TENIS CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA, VERÁN 2025, do Proxecto Verán Deportivo Vilagarcía 2024, aprobado en Consello Reitor o pasado 02/06/2025, presebtadas a través Sede Electrónica do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa, sección da Fundación de Deportes, no catálago de Procedementos 30012, co seguinte desglose:

- Categoría A nados de 2013 a 2017 (de 8 a 12 anos ):6 solicitudes de inscrición
- Categoría B: nados de 2008 a 2012 (de 13 a 17 anos):4 solicitudes de inscrición
- Categoría Absoluta Masculina / Feminina: aberta a todas as idades: 44 e 17 solicitudes de inscrición
- Categoría Veteranos:1974 e anteriores: 18 solicitudes de inscrición

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

- Categoría Dobres: masculina, feminina ou mixta: 29 parellas solicitudes de inscrición.

2.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. Presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a catorce de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito presentado polo Club Natación Vilagarcía, S.D., para a celebración da XLI TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAGARCÍA, que se vai levar a cabo o vindeiro día 3 de agosto do presente ano no peirao do Porto de Vilagarcía, solicita o seguinte:

- A cesión de mesas, podium, duchas portátiles, VCs portátiles e carpas.
- A cesión dun Equipo de Son.
- Colaboración do Servizo de Voluntarios e Protección Civil cunha embarcación de apoio.
- A concesión de 58 trofeos para a entrega de premios da devandita Travesía.

Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Comunicar ao Club de Natación Vilagarcía, S.D. que para a celebración da XLI TRAVESÍA A NADO AO PORTO DE VILAGARCÍA o vindeiro 3 de agosto do presente ano, deberá ter a autorización da Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa do uso do Peirao de Vilagarcía, para poder levar a cabo a colocación do equipamento solicitado.

2.- Comunicarlle que previo á celebración da devandita actividade-evento (data límite antelación de 72 horas), deberá presentar a póliza de Seguros de Responsabilidade Civil e a póliza de seguros de accidentes para todos os participantes da devandita actividade ou ou Certificación da Federación Galega de Natación no que indique que a proba é oficial polo que os deportitas contan con licenza federativa. Asemade de todos os permisos oportunos das administracións para a celebración da devandita Travesía.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

3.- Indicarlle ao club que ten a súa disposición as duchas e vestiarios da Nave de Usos Náuticos, que esta ubicada cerca de donde se desenvolve a proba, nave na que citado club ten a súa oficina e donde garda o remolque do material, debendo ter unha persoa responsable durante o uso da mesma.

4.- Aprobar a cesión de 6 mesas, e a publicidade institucional, que polo Servizo de Mantemento se leve a cabo a súa colocación, dentro das dispoñibilidades existentes do Servizo de Mantemento, na súa xornada laboral, sen que isto xenere horas extraordinarias ao Servizo.

5.- Trasladar aos departamentos do Excmo. Concello de Vilagarcía de Arousa que a continuación se relacionan as necesidades de colaboración, para a súa aprobación, se procede:

- Deparamento de Obras, a cesión de 5 carpas cos seus laterais.
- Deparamento do Auditorio, a cesión dun Equipo de Son.
- Agrupación de Voluntarios de Protección Civil, a colaboración cunha embarcación de apoio e o camión de auga para as duchas.

6.- Conceder 58 trofeos para os millores nadadores/as locais (masculino e feminino) e o nadador/a máis novel e máis veterano así como para os tres primeiros clasificados/as de cada categoría solicitando presuposto á empresa DEPORTES RODAS VILAGARCIA, S.L. por importe de 659,30 €.( IVE engadido).

7.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a vinte e un de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito da Federación Galega de Balonmano no que solicita, autorización do uso do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da COPA E SUPERCOPA GALICIA 2025, que se vai levar a cabo o vindeiro día 7 de setembro do presente ano, de 16:00-21:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

1.- Autorizar á Federación Galega de Balonmano, o uso do Pavillón Sara Gómez do Complexo Deportivo Municipal Fontecarmoa, para a celebración da COPA E SUPERCOPA GALICIA 2025, que se vai levar a cabo o vindeiro día 7 de setembro do presente ano, de 16:00-21:00 horas.

2.- Comunícaselle que deberá deixar a citada instalación deportiva nas mesmas condicións en que se lle presta e responsabilizarse dos danos ou desperfectos que poideran causarse nas devanditas instalacións polos participantes na citada actividade.

3.- Comunicarlle que deberá cumprir, co establecido no Regulamento Interno das instalacións deportivas Municipais, en materia de publicidade e Ordenanza Municipal de Ruídos e Vibracións, adaptando as súa emisións sonoras aos límites establecidos na mesma.

4.- Comunícaselle que deberá cumprir coa normativa vixente en materia de Seguridade e Protección das persoas que asistan á actividade, indicándolle que:

a) A/s porta/s de emerxencia e as vías de evacuación manteranse desbloqueadas e libres de obstáculos en todo momento durante o desenvolvemento

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

da actividade, non estando permitido facer outro uso das mesmas (instalación de mobiliario, pasos de mangueiras, tubos, cables, etc…).

b) Non se permite a instalación de ningún elemento que oculte ou dificulte a visualización da sinalización de evacuación, nin das luminarias de emerxencias existentes.

c) Non se permite dentro da instalación o uso de ningún elemento inflamable ou explosivo.

Lémbraselles a prohibición da venda de tabaco e bebidas alcohólicas e, a entrada de vasos ou obxectos de vidrio nas instalacións deportivas, conforme ao Regulamento Interno da Fundación de Deportes, aprobado polo Consello Reitor con data 14/09/2017 e a súa normativa vixente.

5.- Que a presente Resolución sexa dada conta ao Consello Reitor da Fundación de Deportes, na vindeira sesión que celebre.

Así o dispón e asina o Sr. presidente da Fundación de Deportes, en Vilagarcía de Arousa, a dezanove de xullo de dous mil vinte e cinco, ante mín a Secretaria Xeral, que Certifica.

Concello de
Vilagarcía de Arousa
Fundación de Deportes

Praza Ravella, 1
36600 · Vilagarcía de Arousa
T 986 56 68 98
CIF: P/8660001-B
fdeportes@vilagarcia.es ·www.vilagarcia.es

RESOLUCIÓN DO SR. PRESIDENTE DA FUNDACIÓN PÚBLICA DE SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO EXCMO. CONCELLO DE VILAGARCÍA DE AROUSA D. CARLOS COIRA LOJO

Visto o escrito do Club Voleibol XAV Cambados no que solicita, autorización do uso pistas de volei-praia que se atopan na Praia Compostela, para a celebración dun CAMPUS DE VOLEIBOL, que se vai levar a cabo de luns a xoves do 28 de xullo ao 29 de agosto do presente ano, de 10:00-13:00 horas. Así como visto o informe do Sr. director Deportivo en relación ao asunto.

De conformidade co disposto nos vixentes Estatutos da Fundación de Deportes.

R E S O L V O:

